



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A FIXACIÓN DE ALIÑACIÓNS NO NÚCLEO RURAL DE CODESEDAS

Promotor e órgano substantivo: Concello de Santiago de Compostela
Expediente: 2023AAE2782

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

- 1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do concello de Santiago de Compostela vixente aprobouse definitivamente o 1.9.2008. A antiga Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible declarou, mediante resolución do 02.07.2007, a inviabilidade de someter este PXOM ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
- 2 O 10.4.2023 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Santiago de Compostela no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Santiago de Compostela para a fixación de aliñacións no núcleo rural de Codesedas" (en diante MP). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.
- 3 O 13.4.2023 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral






de ordenación municipal. O órgano ambiental determinará no informe ambiental estratéxico se o planeamento ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

- 3 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico deberase consultar ao órgano competente en materia de urbanismo, ás demais administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (artigo 60.4 da LSG), que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto do planeamento e ámbito de actuación

É obxecto da modificación puntual do PXOM recoñecer unha vía existente no núcleo de Codesedas e establecer as súas aliñacións. No PXOM a vía atópase en solo de núcleo rural, área de expansión, ordenanza 14.



2. Características ambientais da área probablemente afectada

O núcleo de Codesedas sitúase uns 2 km ao oeste da cidade de Santiago de Compostela. Presenta unha paisaxe propia de asentamento rural residencial, con vivendas unifamiliares illadas (con predominio de tipoloxías contemporáneas) e outras edificacións adicadas a dotacións e usos comerciais.





O ámbito da MP correspóndese cun tramo da rúa do Vencello de 80 metros de lonxitude que remata en fondo de saco e dá acceso a varias vivendas, unha nave e ao único centro sociocultural do municipio (equipamento sociocomunitario RE-13.1.). Está pavimentada pero carece de beirarrúas e os anchos son irregulares. Conta con luminarias, tendido aéreo eléctrico e de comunicacións.

A vía está recoñecida na información catastral e na documentación da concentración parcelaria de Figueiras¹.

3. Proposta de planeamento

Alternativas: no documento ambiental estratéxico, xustificado polo *limitado alcance e efectos ambientais da modificación proposta*, só se analiza a alternativa cero (manter o plan vixente) e a alternativa 1 que consiste en incorporar o trazado do camiño existente sinalando as aliñacións resultantes, sendo esta última a elixida.

Proposta: incorporar o camiño á rede viaria local e establecer anchos de 8 a 10 metros segundo as superficies de dominio público existentes. Non se altera a clasificación urbanística do solo afectado (núcleo rural) nin a ordenanza aplicable (ordenanza 14).

4. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

<i>Administracións públicas afectadas</i>	<i>Resposta</i>	<i>Sen resposta</i>
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	

Asemade, o borrador da MP mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración e tramitación da MP as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. No que atinxe ao proceso de avaliación ambiental estratéxica, resúmense a continuación as principais observacións formuladas con incidencia ambiental.

Instituto de Estudos do Territorio:

Conclúe que a MP non provocará efectos paisaxísticos significativos e pode supoñer unha mellora da infraestrutura actual.

¹ Con Acordo firme do 8.7.1991. Plano do polígono 4 entre Areoso da Riba e Viscaya.





5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

A proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos nin inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

A MP non terá efectos significativos no relativo á ocupación do solo na medida en que afecta a un tramo viario xa existente, recoñecido en cartografía oficial como a catastral e a de concentración parcelaria, e non altera a estrutura e as características propias do núcleo rural. Ademais as aliñacións propostas son coherentes coas establecidas no núcleo rural para as vías que rematan en fondo de saco.

Os efectos da MP sobre a paisaxe poden ser positivos en canto que o novo aliñamento permite corrixir a inexistencia de beirarrúas.

En conclusión, a MP non terá efectos ambientais significativos.

PROPOSTA

Considerando o resultado das consultas previas realizadas e a análise dos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Santiago de Compostela para a fixación de aliñacións no núcleo rural de Codesedas".

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

(asinado con sinatura dixital)

Juan Manuel Camiño Soto

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

(asinado con sinatura dixital)





Tendo en conta a proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica a "Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Santiago de Compostela para a fixación de aliñacións no núcleo rural de Codesedas", posto que non se prevén efectos ambientais significativos.

Esta resolución farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>). Remitirase ao Concello de Santiago de Compostela xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba a modificación no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado dixitalmente na marxe)





CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ASUNTO: Avaliación ambiental estratéxica da Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal para a fixación de aliñacións no núcleo rural de Codesedas

Promotor e órgano substantivo: Concello de Santiago de Compostela
Expediente: 2023AAE2782
Código web: 2594/2023

Achégolle o informe ambiental estratéxico relativo á "Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal para a fixación de aliñacións no núcleo rural de Codesedas", no concello de Santiago de Compostela, emitido por esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático no procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

No informe ambiental estratéxico resúmense as principais cuestións ambientais formuladas durante o período de consultas ao que se someteron o documento ambiental estratéxico e o borrador. En todo caso, o promotor deberá considerar na elaboración e tramitación do planeamento todas as observacións e suxestións manifestadas nos escritos e informes recibidos, que poden descargar na seguinte ligazón:

<http://descargas.xunta.es/94b57360-aa08-4979-a952-b337a432c8701686060217390>

e corresponden a:

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- Instituto de Estudos do Territorio

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas



INFORME SOBRE SOBRE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA FIXACIÓN DE ALIÑACIÓNS NO NÚCLEO RURAL DE CODESEDAS, AOS EFECTOS DO TRÁMITE DE CONSULTAS PREVISTO NO ARTIGO 78.4 DA LEI DO SOLO DE GALICIA.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (órgano ambiental ou DXCASC) somete a consultas desta Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) a modificación puntual referida, en virtude do disposto no artigo 78.4.B) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 191 do seu regulamento aprobado por Decreto 143/2016 (RLSG).

Analizada a documentación achegada, redactada por Estudio Técnico Gallego, S.A. e asinada dixitalmente polo arquitecto José Isidro López Yáñez en data 29/04/2022; e, vista a proposta subscrita pola Subdirección Xeral de Urbanismo, resulta:

I. ANTECEDENTES

1. O Concello de Santiago de Compostela dispón dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 01/09/2008.
2. O órgano ambiental someteu esta modificación puntual a consultas desta DXOTU por resolución de data 13/04/2023; achegando:
 - Borrador da modificación puntual.
 - Documento ambiental estratéxico da modificación puntual.

II. OBXECTO E DESCRICIÓN DO PROXECTO

1. A modificación ten por obxecto fixar aliñacións nun viario existente no núcleo rural de Codesedas. Os restantes viarios dese núcleo contan con aliñacións fixadas polo PXOM.
2. O viario encóntrase nun ámbito clasificado como solo de núcleo rural (área de expansión, ordenanza 14).

III. INFORME

1. Razóns de interese público da modificación: A sinalización de aliñacións é unha determinación en solo de núcleo real que debe conter o PXOM (Art. 56.1.c) da LSG), polo que suplir esa carencia nun viario fundamenta o interese público da modificación (artigo 83.1 da LSG).

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



2. Promoción: A modificación puntual do PXOM ha de ser de iniciativa pública (Art. 83.5 da LSG en relación co art. 51.2 da LSG).
3. Tramitación da modificación: A modificación puntual tramitarase polo procedemento previsto no artigo 78, en relación co 83.5 da LSG), así como no artigo 194 do RLSG.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

M^a Encarnación Rivas Díaz

